



# Empregar Google Drive

## Como compartir arquivos

### Obxectivo

Como compartir arquivos con persoas que dispoñan dunha conta de Google.

### Procedemento

1. Abre a pantalla de inicio de Google Drive, Documentos de Google, Follas de Cálculo de Google ou Presentacións de Google.
2. Fai clic no arquivo que queiras compartir.
3. Fai clic en **Compartir** ou na icona Compartir .
4. Debaixo de «Persoas», escribe a dirección de correo electrónico ou o grupo de Google cos que queiras compartir o arquivo.
5. Para elixir as accións que pode realizar alguén co teu arquivo, fai clic na frecha cara abaixo .

**Nota:** Se non queres que esas persoas reciban unha notificación, desmarca Notificar ás persoas.

6. Fai clic en **Enviar**. Enviarase un correo electrónico ás persoas coas que compartiches o arquivo.

---

Autor: Francisco Jaureguizar (jaureguizar@edu.xunta.gal) baixo licenza CC-BY-SA | 2017

